

**ANEXO XIII: PROCEDIMIENTO PARA A TRAMITACIÓN DE
SOLICITUDES DE RECOÑECIMIENTO, NUN PROGRAMA DE
DOUTORAMENTO, DE ACTIVIDADES
REALIZADAS AO ABEIRO DE REGULACIÓN ANTERIORES AO RD
99/2011**

PRIMEIRA: O artigo 20 do RED establece que os cursos, estadias e traballos de investigación realizados na etapa de tese e que non formaran parte formativa de programas do Real Decreto 778/1998, do Real Decreto 56/2005 ou do Real Decreto 1393/2007, ou a realización doutros levados a cabo en programas de doutoramento dunha universidade española ou estranxeira, poderán ser recoñecidos polos equivalentes dun programa de doutoramento.

SEGUNDA: O alumnado solicitará o recoñecemento destas actividades **entre o 2 e o 15 de novembro de 2017, ou entre o 2 e o 15 de maio de 2018**. Deberá presentar o modelo de solicitude TC-43, xunto coa documentación xustificativa da realización de ditas actividades. A Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) poderá requirir un certificado expreso de que ditas actividades non constitúen parte do período formativo dos programas de doutoramento de orixe.

TERCEIRA: Previa comprobación da documentación polas secretarías dos centros de adscrición administrativa dos programas de doutoramento a CAPD emitirá un informe sobre a procedencia de recoñecer ou non ditas actividades e o trasladará á dirección da Escola Internacional de Doutoramento para que emita a correspondente resolución. Dita resolución será emitida antes do 15 de decembro, para o prazo de novembro, e antes do 15 de xuño, para o prazo de maio de 2018.

CUARTA: A resolución de recoñecemento será comunicada polo Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, tanto ao solicitante como á secretaría do centro, que incorporará o recoñecemento ao expediente do alumnado e procederá ao seu arquivo.